

## Festas da Xunqueira de Cee

Pablo Vázquez

Cee vístese de gala para celebrar as festas da Xunqueira e San Roque, que se desenvolverán entre mañá, 13 de agosto, e o domingo 16. Serán catro xornadas nas que veciñanza e visitantes poderán gozar de música, verbenas, pasarrúas, fogos artificiais e un amplo programa de actividades para todos os públicos.

A programación inclúe sesións vermú, concertos, orquestras, charangas, bandas de música e unha festa infantil, ademais do Ceestival e dos actos propios do Día da Xunqueira e de San Roque.

### O Ceestival abre a programación

A xornada inaugural será mañá xoves 13, ás 23.00 horas, co Ceestival, unha proposta musical que fará un percorrido por distintas épocas, desde os anos 70 ata a actualidade.

Participarán os DJ Iván Lema, Iván Pereira, Rakso, Karpio, Alfonso, Manel Muñoz, Martín Pérez, Pepe Formoso e Guillermo.

O venres 14 continuará o ambiente festivo coa música como principal protagonista. A partir das 23.00 horas, a verbena correrá a cargo da orquestra Capitol, que compartirá escenario coa discomóvil Mega CDC.

### A Xunqueira, día grande

O sábado 15 de agosto, Día da Xunqueira, a programación comezará cun

# Música, verbenas e tradición toman Cee durante catro días

O Ceestival abre mañá a programación con orquestras, pasarrúas, fogos artificiais, actividades infantís e Ráfaga como un dos grandes reclamos



O grupo Ráfaga, tras actuar en Urdilde (Rois) o pasado verán.

pasarrúas da Charanga O Rumbo. Ás 13.30 horas terá lugar unha sesión vermú con Eric Hidalgo Prime e a Banda de Música de Cee, dirixida por

Fernando Fraga. A formación musical volverá actuar ás 20.30 horas cun novo concerto. A noite continuará con Malleira, ás

22.00 horas, e unha hora despois arrancará a verbena coa orquestra Finisterre Project e Eric Hidalgo Prime. Un dos momentos máis destaca-

dos da xornada chegará á medianoite, cando os fogos artificiais iluminen o ceo de Cee como broche ao día grande das festas.

### San Roque pecha as celebracións

O domingo 16 de agosto será a quenda do Día de San Roque. A xornada arrancará ás 13.30 horas co pasarrúas da Charanga Peta Forte e unha macro sesión vermú na que participarán a Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, a orquestra Escaparaté, o grupo de gaitas A Tripulación e a artista coruñesa Judith Cundíns, que, ademais de cantante, é pianista, arreglista musical e coreógrafa.

Pola tarde, ás 17.00 horas, haberá unha festa infantil no paseo marítimo, pensada para os máis pequenos. Ás 20.30 horas, a Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla ofrecerá un concerto.

O punto final chegará cunha gran verbena a cargo da orquestra Escaparaté, que compartirá a noite con Ráfaga e o DJ Rubén Martínez. A actuación de Ráfaga será un dos grandes reclamos da última xornada. O grupo, fundado en Bos Aires en 1994, é unha das bandas máis icónicas e influíntes da cumbia argentina e a música tropical a nivel internacional.

Cee afronta así catro días de celebración nos que a música e a tradición volverán encher as rúas de ambiente festivo, cunha programación que combina actuacións musicais, verbenas, pasarrúas, propostas infantís e os tradicionais fogos artificiais. ■

   
**COMPROMISO**  
CON **A COSTA DA MORTE**





## Festas da Xunqueira

CEDIDA

# Saúdo da alcaldesa: «O mellor que ten Cee é a súa xente»

Margot Lamela Louzán  
Alcaldesa

Hai un ano escribía nestas mesmas páxinas que Cee non era «un» lugar. Cee é O lugar. Hoxe sigo pensándoo exactamente igual. E, se cabe, con máis convicción. Porque cada vez que chega agosto comprobo que hai poucas cousas tan fermosas como ver un pobo enteiro reencontrarse consigo mesmo.

As Festas da Xunqueira e San Roque son moito máis ca uns días de celebración. Son o momento no que Cee latexa con máis forza, no que as nosas rúas recuperan unha vida especial.

Son os días dos reencontros. Dos abrazos agardados. Das conversas que quedaron pendentes. Das familias que volven reunirse arredor da mesma mesa. Dos amigos que regresan e descubren que, por moito tempo que pase, hai lugares que nunca deixan de sentirse. Porque esa é a verdadeira esencia destas festas. Recordarnos de onde vimos. E sentir o orgullo inmenso de pertencer a Cee.

«As Festas da Xunqueira e San Roque son moito máis ca uns días de celebración»

O mellor que ten Cee non é só a súa situación privilexiada, nin a súa riqueza natural, nin a súa historia. O mellor que ten Cee é a súa xente. As persoas que, co seu traballo diario, coa súa capacidade de esforzo, coa súa solidariedade e co seu compromiso, fan desta vila un lugar no que paga a pena vivir. Persoas que nunca deixan de colaborar, de participar e de construír a comunidade. Ese espírito é tamén o que fai posible que, ano tras ano, as Festas da Xunqueira sigan sendo un referente e un motivo de orgullo para todos nós.

Por iso quero expresar o meu máis sincero agradecemento á Comisión de Festas, ás persoas colaboradoras, ao voluntariado e a todas aquelas persoas que, coa súa dedicación e xenerosi-

dade, traballan durante meses para que estes días sexan inesquecibles.

Grazas por manter viva unha tradición que forma parte da nosa identidade e que conseguimos transmitir de xeración en xeración.

Cada ano, o pregón convértese nun dos momentos máis especiais das nosas festas. É o instante no que unha persoa pon voz ao sentimento de todo un pobo.

Este ano esa responsabilidade recae en Rocío Leira. Nada na Pereiriña, matemática de formación e escritora por vocación, Rocío é hoxe unha das voces recoñecidas da literatura galega.

Como alcaldesa, este momento ten para min un significado especialmente emotivo. Desde que teño a inmensa honra de representar aos veciños e veciñas de Cee, é a primeira vez que nomeo unha muller como pregoeira das nosas Festas da Xunqueira e San Roque.

Non é unha decisión máis. É unha decisión da que me sinto orgullosa. Porque Rocío representa o talento que nace nesta terra, a excelencia da nosa cultura e a capacidade das nosas mulleres para abrir camiños sen esquecer nunca de onde veñen.

A través dela quero tamén render homenaxe tamén a tantas mulleres de Cee que, ao longo da nosa historia, contribuíron co seu traballo, coa súa dedicación e co seu compromiso a facer desta vila un lugar mellor. Mulleres que educaron, que emprenderon, que coidaron, que innovaron, que crearon cultura e que, moitas veces desde a discreción, deixaron unha pegada fonda na nosa sociedade. Este recoñecemento tamén é para elas.

Estou convencida de que volveremos vivir unhas festas inesquecibles. Unhas festas para compartir coa familia, cos amigos e cos veciños. Para recibir cos brazos abertos a quen regresa. Para crear novos recordos. E para seguir fortalecendo ese sentimento de pertenza que fai de Cee un lugar único.

Porque as festas rematan. As luces apáganse. A música deixa

de soar. Pero hai algo que permanece. O orgullo de ser de Cee. Ese orgullo que levamos connosco cada día do ano. Ese orgullo que sentimos cando pronunciamos o nome da nosa vila. Ese orgullo que nos fai volver, unha e outra vez, ao lugar onde están as nosas raíces.

Desexo de corazón que vivades estas Festas da Xunqueira e San Roque con alegría e coa ilusión de seguir compartindo o mellor

que temos: a nosa xente. Porque hai lugares que se visitan. Hai lugares que se lembran. Pero Cee é deses lugares onde cada experiencia é única e onde quen chega sempre quere volver.

Felices Festas da Xunqueira e San Roque 2026! ■



**13**  
xoves  
AGOSTO  
2026

**CEESTIVAL**  
DESDE LOS 70 HASTA LA ACTUALIDAD  
DJ IVAN LEMA | DJ IVAN PEREIRA  
DJ RAKSO | DJ KARRIO | DJ ALFONSO  
DJ MANUEL MUÑOZ | DJ MARTÍN PÉREZ  
DJ PEPE FORMOSO | DJ GUILLERMO

**14**  
venres  
AGOSTO  
2026

**Orquestra CAPITOL e Disco Móbil MEGA CDC**

**15**  
sábado  
Día da Xunqueira  
AGOSTO  
2026

**PASARRUAS Charanga O Rumbo**  
18:00 H SESIÓN VERMÁ  
Banda de Música de Cee  
Grupo ERIC HIDALGO PRIME  
20:00 H CONCERTO  
Banda de Música de Cee  
22:00 H CONCERTO  
**MALLEIRA**  
23:00 H VERBENA  
Orquestra **FINISTERRE PROJECT**  
e Grupo **ERIC HIDALGO PRIME**  
00:00 H **FOCOS ARTIFICIAIS**

**16**  
domingo  
Día de San Roque  
AGOSTO  
2026

**PASARRUAS Charanga Pela Forte**  
18:00 H MACRO SESIÓN VERMÁ  
Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla  
Orquestra **ESCAPARATE**  
JUDITH CUNDINS  
Grupo de Gaitas A Tripulación  
19:00 H NO PASEO MARTIMO  
FESTA INFANTIL  
20:30 H CONCERTO  
Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla  
23:00 H VERBENA  
Orquestra **ESCAPARATE**  
**RÁFAGA**  
FIN DE FIESTA CON **DJ RUBÉN MARTÍNEZ**

**Festas da Xunqueira 2026**  
**CEE**  
**13-14-15-16 Agosto'26**

Organizado por:  
COMISIÓN DE FESTAS DA XUNQUEIRA DE CEE

Colaboración:



# Festas da Xunqueira

Suso Souto

Conta a lenda que un barco es-  
tranxeiro buscou refuxio en augas  
de Cee no medio dunha gran tor-  
menta. Cando a tripulación quixo  
volver ao mar unha vez amainada a  
tempestade, notou que algo non o  
permitía. Os mariñeiros sentiron un-  
ha forza externa a eles que non lles  
permitía saír do lugar, polo que, ao  
ver que os seus esforzos non daban  
fritos, decidiron adentrarse en terra  
firme. Así, ao poñer un pé no que  
hoxe coñecemos como Cee, atopar-  
on entre uns xuncos unha imaxe da  
Virxe co Neno Xesús en brazos.

Decidiron construír un templo ne-  
se lugar, e por iso a Virxe toma o no-  
me de Xunqueira: Nosa Señora da  
Virxe da Xunqueira, a patroa de Cee.

O templo está na parroquia de  
Santa María da Xunqueira, capital do  
municipio. As súas orixes sitúanse no  
século XIV. Era unha igrexa de estilo  
gótico, e desa época conservouse a  
capela maior. O resto foi destruído no  
século XIX. Os días 13 e 21 de abril do  
ano 1809, durante a Guerra de Inde-  
pendencia española, a igrexa foi in-  
cendiada polas tropas napoleónicas.

Das lapas non se salvou nada, ex-  
cepto parte da capela maior e un palio  
do século dezasete.

Entre todos os bens que se perde-  
ron no incendio, queimáronse os dous  
retablos que o veciño e recoñecido ar-  
quitecto ceense Domingo Antonio de  
Andrade creara para a igrexa da súa  
vila natal.

Nos séculos XIX e XX procedeuse

## Entre os xuncos: a lendaria orixe sobre a patroa de Cee

Di a lenda que uns mariñeiros non daban devolto o barco ao mar tras  
refuxiarse en terra dunha tormenta, pois unha forza externa o impedía



Imaxe da Nosa Señora da Virxe da Xunqueira de Cee, no seu santuario.

a levantar no emprazamento da anti-  
ga igrexa o edificio que a día de hoxe é  
o Santuario da Nosa Señora da Xun-  
queira. A imaxe relixiosa volveu estar  
presente no templo en 1812. Nela  
apréciase a influencia do gran artista  
Ferreiro; foi doada polo matrimonio  
formado por Pedro Antonio Díez Po-  
rrúa e Inocencia González de Lema.

En maio de 2022 tiña lugar o acto  
da apertura da porta santa que oficia-

lizaba o inicio do Ano Xubilar da Virxe  
da Xunqueira, en Cee. O entón arce-  
bispo de Santiago, monseñor Julián  
Barrio, presidiu esa celebración.

A concesión deste Ano Xubilar foi o  
froito de dous anos de intenso traballo  
de investigación e documentación pa-  
ra avalar ante Roma a petición, coinci-  
dindo co 475 aniversario do primeiro  
documento que recolle a advocación  
da Virxe da Xunqueira.

En xuño dese mesmo ano, 2022, a  
parroquia de Santa María e a Asocia-  
ción de Amigos da Xunqueira lanzaron  
a través de Youtube o videoclip *Ave  
María*, interpretado pola soprano  
Gemma Román e os músicos Miguel  
Blanco e Estela Blanco.

Era o primeiro dos temas dun dis-  
co dedicado á patroa de Cee e que  
xuntou un gran número de artistas.

En 2023, o Arcebispado de Santia-

go concedeulle a esta igrexa de Cee a  
cualificación de santuario.

O templo ceense, con máis de 600  
anos de historia, foi recoñecido como  
lugar de peregrinación pola gran devo-  
ción que esperta a Virxe da Xunqueira  
en Cee e na comarca.

### Irmandamento coa Basílica de Santa María A Maior

En abril do pasado ano, coincidindo  
co segundo aniversario da coroación  
canónica da Virxe da Xunqueira, de  
Cee, a Penitenciaría Apostólica con-  
cedeu o irmandamento do santuario  
ceense coa Basílica de Santa María A  
Maior de Roma. O templo de Cee ob-  
tiña así as indulxencias plenarias que  
ten a devandita basílica italiana. Ade-  
mais, desde entón celébrase a festivi-  
dade da Dedicación da Basílica de  
Santa María a Maior cada 5 de agosto  
no santuario da Xunqueira, coincidin-  
do coa véspera do inicio da solemne  
novena na súa honra.

En agosto de 2025, a alcaldesa de  
Cee, Margarita Lamela, fixo entrega  
do título de Alcaldesa Perpetua e do  
bastón de mando á Virxe da Xunquei-  
ra. En España existen máis de tres-  
centas alcaldesas perpetuas, pero es-  
te recoñecemento foi o primeiro que  
se fixo en Galicia.

A pesar das vicisitudes históricas, o  
santuario garda unha importante par-  
te da historia de Cee e unha innegable  
riqueza patrimonial, como as tallas do  
século XIX e obras de grandes imaxi-  
neiros galegos do século XX, como  
Magariños, José Rivas, Ángel Rodrí-  
guez ou José Aldrey. ■

### CENTRO COMERCIAL

# FINIS TERRAE

Les desea a clientes y vecinos  
una Feliz Xunqueira

## REFORMA SIN ESCOMBROS Y SIN OBRAS

✓ Baño - Cocina - Salón - Negocios - Oficinas    ✓ Placas Decorativas - Pavimentos SPC - Palilería

PLACAS DECORATIVAS

Desde 29,95€ m²

PAVIMENTOS SPC

Desde 14,90€ m²

PALILERÍA

Desde 10,49€ pz

STOCK PERMANENTE

Recoge en tienda / Recibe en casa

RÁPIDO | SIN POLVO | SIN LICENCIA DE OBRA | FÁCIL

**LAR** [larcee.com](http://larcee.com) Cee - A Coruña 981 70 88 02

# María Lariño Ares

GA GESTORIA ADMINISTRATIVA

[www.gestorialariñoares.com](http://www.gestorialariñoares.com) - [info@gestorialariñoares.com](mailto:info@gestorialariñoares.com)

Praza dos Xuncos nº1 - 1º izd - CEE (A Coruña) - Tlf/Fax: 981 745 898  
Ara Solís, 13 - FISTERRA (A Coruña) - Móbil: 628 878 872